

## O Museo celebra o 80 aniversario da publicación de “Sempre en Galiza” cunha xornada

O Edificio Castelao acollerá o vindeiro 28 de maio varias charlas e visitas guiadas

R. P.  
PONTEVEDRA

En marzo de 1944 publicouse en Bos Aires o ensaio “Sempre en Galiza”, obra de referencia do pensamento político de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. A Deputación de Pontevedra conmemorará o 80 aniversario desta publicación cunha xornada da Fundación Castelao no Museo de Pontevedra. Será o 28 de maio, de 16.00 a 20.30 horas no Edificio Castelao do Museo.

Comenzará cunha conferencia a cargo da directora do Museo de Pontevedra, Ángeles Tille Jarque, que falará do retorno da obra de Castelao a Pontevedra. Xosé Manuel Dasilva, catedrático do departamento de Tradución e Interpretación na Universidade de Vigo, impartirá o relatorio “As edicións, as prohibicións e as censuras de Sempre en Galiza”. A terceira conferencia será a cargo de Natalia Crecente García, que falará do papel de Castelao na construción dunha tipografía galega. Pecharán as intervencións Miguel Anxo Seixas, presidente da Fundación Castelao, coa conferencia “De non sempre en Galiza a Sempre en Galiza”.

Unha mesa redonda cos relatores das catro conferencias, moderada por Diana Santiago Iglesias, secretaria da Fundación Castelao, e unha visita á exposición permanente de Castelao e á de fotografías de Xan Carballa “Castelao: o retorno a Galicia, 1984”, pecharán a xornada.